

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE SETEMBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a moeda denominada Sestercio de Augusto.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Barzamedelle (Leiro-Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública Pousada (Riós-Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública Mandelos (Crecente-Pontevedra).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública Solbeira (Paderne de Allariz-Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública Vences (Monterrei-Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública Vilalén-Tomonde (Cerdedo-Cotobade-Pontevedra).

ACORDOS

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de desenvolvemento dunha planta de produción de hidróxeno renovable con captura de CO2 e síntese de metanol verde denominado GREEN UMIA proxectada en Caldas de Reis (Pontevedra), promovido por IBERDROLA CLIENTES, S.A.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e as Organizacións non Governamentais, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación ONGD Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asamblea de Cooperación por la Paz para a execución do proxecto "Activistas polo mundo que queremos 2022-2023", por importe total de setenta e tres mil seiscientos noventa e un euros (73.691,00€).
- Acordo polo que se manifesta o interese da Comunidade Autónoma en poder albergar partidos da Copa do Mundo de 2030 para o caso de que España e Portugal fosen designadas sedes da dita Copa do Mundo e declara o seu compromiso institucional coas candidaturas galegas a sede do Mundial 2030 e o seu apoio a elas.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Ribeira para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Ribeira Destino Litoral Sostible no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU por un importe de dous millóns de euros (2.000.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se inicia a tramitación do Plan de Xestión de Residuos Municipais de Galicia 2023-2030

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de sistemas de anestesia con destino a hospitais do Servizo Galego de Saúde, financiado ao 100% pola Unión Europea no marco do eixe REACT-UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia de COVID-19, por importe cinco millóns trescentos trinta e seis mil cen euros (5.336.100€)IVE engadido, e un valor estimado de catro millóns catrocentos dez mil euros (4.410.000,00€ (sen IVE).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a subscripción de convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para a identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón mediante anticorpos monoclonais por un importe total de setenta e nove mil douscentos euros (79.200,00 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a plataforma experimental de eólica mariña.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o Plan legislativo 2020-2024.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe de seguimento da orde de axudas á adquisición de bicicletas con pedaleo asistido EBICI.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Informe relativo ás subvencións da Secretaría Xeral da Igualdade destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a tramitación do anteproxecto de Lei da calidade alimentaria de Galicia, previo ao seu sometemento ao Consello Económico e Social de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN BIC DO SESTERCIO DE AUGUSTO, MOEDA DO SÉCULO I ANTES DE CRISTO DA QUE SÓ SE COÑECEN TRES EXEMPLARES NO MUNDO

- O Goberno autonómico culmina así un procedemento iniciado en 2021 coa que queda protexida esta peza que se atopa en Galicia nunha colección particular e é probable que puidese empregarse para facer fronte aos gastos das Guerras Cántabras
- Desde a aprobación da Lei de patrimonio cultural de Galicia, a Xunta declarou 105 BICs, polo que a día de hoxe Galicia suma un total de 778

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) o Sestercio de Augusto, unha moeda do século I a. C da que só se coñecen tres exemplares no mundo, un deles nunha colección particular de Galicia. O expediente reflicte o importante compromiso do Goberno galego por protexer, conservar e poñer en valor o patrimonio sobranceiro da Comunidade. Así o demostran os 105 bens declarados desde a entrada en vigor da Lei de patrimonio cultural de 2016, acadando a día de hoxe Galicia un total de 778 Bens de Interese Cultural.

Culmínase así o procedemento iniciado en marzo deste ano tras a petición, en 2021, da Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura e Deporte, que destacou o seu especial interese para o patrimonio histórico español, tendo en conta que a moeda se atopa na nosa comunidade. A devandita solicitude contiña un informe técnico que xustificaba o carácter excepcional da peza, única en España.

En virtude da información achegada, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta abriu o expediente de declaración BIC, sendo resolto en prazo e forma. Así, tras o informe favorable da Real Academia de Belas Artes e do Consello da Cultura Galega, apróbase agora o decreto BIC que posteriormente será publicado no *Diario Oficial de Galicia* culminando así todo o procedemento.

Serie do Noroeste

A peza denominada Sestercio de Augusto é unha moeda do século I antes de Cristo, de bronce e duns 38 gramos que actualmente pertence a unha colección particular. Forma parte da serie coñecida como do Noroeste, polo seu lugar de circulación ou da caetra, polo escudo redondo do reverso, acuñada por Augusto, moi probablemente para facer fronte aos gastos militares das Guerras Cántabras (27-19 a. C.), a última fase da conquista romana da Península Ibérica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Á hora de abrir o expediente valórase que esta moeda sexa case única, ao existir só dúas máis. Unha atopouse en 2005 nunha escavación arqueolóxica en Bracara Augusta (Braga-Portugal), e consérvase no Museu de Arqueoloxía don Diego de Sousa. Outra vendeuse nunha poxa en 1968 e 1979, descoñecéndose o seu paradiro actual.

Obxecto de investigación

O exemplar declarado agora BIC foi adquirido nunha poxa en Nova York en 1999 e publicado en diversas monografías científicas de referencia para o estudo da moeda romana provincial en Hispania. A serie non presenta marcas de ceca nin de datación, polo que a súa data de emisión e lugar de produción non están definidas e son obxecto de investigación. Atribúese as cecas como a de *Emerita* (Mérida), *Lucus* (Lugo) ou *Colonia Patricia* (Córdoba) e a talleres móbiles que acompañaban o exército.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA E DE INTERESE SOCIAL SEIS POLÍGONOS AGROFORESTAIS EN LEIRO, MONTERREI, PADERNE DE ALLARIZ, RIÓS, CERDEDO-COTOBADA E CRECENTE PARA POÑER EN VALOR CASE 420 HA

- O Consello da Xunta aprobou hoxe os seis acordos da Consellería do Medio Rural, que implicarán no seu conxunto preto de 3.700 parcelas e máis de 1.300 propietarios
- Elévase así a oito o número de polígonos de iniciativa pública declarados na nosa comunidade ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, tras os de Cualedro e Oímbra, iniciados o ano pasado que actualmente se atopan na fase de redacción do proxecto básico
- O estudo de viabilidade aprobado en cada caso determinou os usos e actividades admisibles, entre os que destacan os cultivos leñosos ou de horta e os sistemas agroforestais
- No día de hoxe, existen 21 polígonos de iniciativa pública en distintas fases de execución, 10 xa iniciados e 11 en fase de actuacións previas

A Xunta aprobou hoxe seis acordos da Consellería do Medio Rural para declarar de utilidade pública e de interese social os polígonos agroforestais de Barzamedelle (Leiro), Vences (Monterrei), Solbeira (Paderne de Allariz), Pousada (Riós), Vilalén-Tomonde (Ceredo-Cotobade) e Mandelos (Crecente), para poñer en valor unha superficie total de case 420 hectáreas. Elévase así a oito o número de polígonos de iniciativa pública declarados na nosa comunidade ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, tras os de Cualedro e Oímbra iniciados o ano pasado que actualmente se atopan na fase de redacción do proxecto básico.

Neste sentido, cabe sinalar que o pasado 8 de xullo saían publicados no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) os acordos polos que se iniciaban os procedementos de aprobación para o desenvolvemento destes seis polígonos agroforestais, os cales motivaron a elaboración dos estudos de viabilidade en cada un dos casos. Unha vez feitos e aprobados estes estudos, determinouse decretar os pertinentes procedementos para iniciar así a redacción do proxecto básico de cada un dos polígonos. Seguidamente, iniciárase a investigación da titularidade dos predios e os traballos de reestruturación da propiedade nas distintas áreas, de seren necesarios.

Cabe sinalar que neste caso, ao tratarse de polígonos de iniciativa pública, os procedementos serán sometidos a un proceso de concorrencia competitiva. Ademais, cómpre ter en conta que a declaración de utilidade pública e interese social implica o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia dos procedementos.

Desta forma, coa aprobación destes decretos -que terán que saír publicados no *Diario Oficial de Galicia* para a súa entrada en vigor- acordouse o inicio destes procedementos, que teñen como obxectivo prioritario poñer en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización, recuperando deste xeito unha actividade agrícola ou forestal.

Así, na provincia de Ourense, no caso concreto do polígono de Barzamedelle (Leiro), recuperárase unha superficie de 145,6 hectáreas distribuídas nunhas 183 parcelas de 113 propietarios e establécense como usos ou actividades principais os cultivos leñosos, de ciclo curto e sistemas agroforestais (sistemas de aproveitamento mixto fundamentalmente gandeiro e forestal -frondosas caducifolias- e, nalgún caso, algún tipo de cultivo agrícola complementario para o aproveitamento gandeiro e compatible cos outros dous). Canto ao de Vences (Monterrei), apóstase polos cultivos leñosos nunha superficie de 22,44 ha, repartidas nuns 535 predios de 331 titulares catastrais. No que respecta ao polígono agroforestal de Solbeira (Paderne de Allariz), orientárase á gandaría nunha extensión de 43,36 hectáreas, cunhas 317 parcelas e 208 propietarios.

No que se refire ao polígono de Pousada (Riós), terá unha superficie de 93,89 ha -cuns 663 predios e 200 titulares implicados- que estarán centradas na plantación de castiñeiros. Xa na provincia de Pontevedra, o polígono de Vilalén-Tomonde (Cerdedo-Cotobade) constará de 67,88 hectáreas, unhas 1.534 parcelas e 278 propietarios, avogando polos cultivos leñosos e sistemas agroforestais. Por último, o de Mandelos (Crecente) centrárase nos cultivos leñosos, de horta e sistemas agroforestais, nunha superficie de 45,04 ha, cuns 391 predios e 183 titulares catastrais.

Cabe engadir que as causas polas que procede desenvolver estes seis polígonos son a existencia dun estado de abandono ou infrautilización dun mínimo do 50 % da superficie de terras do polígono agroforestal, así como o acordo das persoas propietarias dos predios, acadando ata un 70% da superficie das terras incluídas no perímetro proposto. Nestes casos concretos, cabe resaltar que as porcentaxes de acordo roldaron o 84 % de media.

21 polígonos

A día de hoxe, existen 21 polígonos de iniciativa pública en distintas fases de execución, 10 xa iniciados e 11 en fase de actuacións previas. Entre os iniciados, a maiores dos seis que foron hoxe a Consello están os de Cualedro (con 64 hectáreas e unhas 72 parcelas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de 70 propietarios) e Oímbra (preto de 22 hectáreas e unhas 72 parcelas de 73 propietarios), en fase de redacción do proxecto básico. Tamén os de Curtis (3.386 ha e 6.161 parcelas) e Remuíño na Arnoia (224 ha e 6.753 parcelas), na fase de acordo de inicio.

Ademais, hai outros 11 polígonos de iniciativa pública nos que se ten iniciado un procedemento de actuacións previas, os cales suman 4.674 hectáreas e 9.750 parcelas de máis de 5.000 propietarios. Trátase dos de Ver (Bóveda), Barcia (Navia de Suarna), Prado (Castrelo de Miño), Freixido (Larouco), Panascos (Tomiño), Alta Limia, Corno do Monte e Lamas Ganade (todos eles en Xinzo de Limia), San Salvador de Sabucedo (Porqueira), A Graña de Seoane (Montederramo) e Soutopenedo (San Cibrao das Viñas).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ADIANTA A DECLARACIÓN DE INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA DUNHA PLANTA DE METANOL RENOVABLE EN CALDAS DE REIS NA QUE IBERDROLA INVESTIRÁ 40 M€

- O proxecto, denominado 'Green Umia', configúrase como unha solución pioneira que permitirá integrar nunha mesma localización a produción e uso industrial de hidróxeno verde, que xunto ao dióxido de carbono dos gases da caldeira de biomasa, permitirán a produción de metanol renovable
- As previsións sitúanse na produción de 2900 toneladas anuais, o que permitirá reducir as importacións galegas de metanol substituíndoas por unha produción local sostible que tamén será empregada pola propia empresa para a fabricación de diversas colas, resinas e adhesivos
- A iniciativa aposta pola economía circular, dispoñendo dunha planta de tratamento que permitirá aproveitar os fluxos de augas residuais reducindo a cantidade bruta empregada no proceso industrial
- Impulsarase a creación de 55 empregos directos, o 46% será emprego feminino
- A declaración enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, potenciando a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, e mantendo todas as garantías xurídicas durante a tramitación do proxecto
- Ata o de agora, son 16 iniciativas as que se adheriron a esta figura en Galicia, cunha mobilización global de preto de 760 M€ e arredor de 720 empregos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, adiantou hoxe a declaración como iniciativa empresarial prioritaria do proxecto de Iberdrola Clientes para impulsar unha planta de metanol renovable en Caldas de Reis (Pontevedra). Unha iniciativa na que a compañía investirá arredor de 40 M€ na procura de reducir as importacións galegas de metanol, substituíndoas por unha produción local sostible, ao tempo que dinamiza o tecido industrial local e fomenta a xeración de riqueza e emprego. Ademais, impulsarase a creación de 55 empregos directos, o 46 % será emprego feminino.

"Trátase dunha noticia potente para Caldas de Reis e para toda Galicia", valorou tras o Consello da Xunta o titular do Executivo galego, quen explicou que para acadar este obxectivo, o proxecto denominado 'Green Umia', ofrece "unha solución pioneira" que permitirá empregar o hidróxeno verde para, xunto co dióxido de carbono das caldeiras de biomasa, producir metanol verde, e reducir así a dependencia das importacións.

As previsións sitúanse na produción dunhas 2900 toneladas anuais, que, entre outros usos, serán empregadas para a fabricación de diversas colas, resinas e adhesivos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, cómpre destacar tamén que a iniciativa presta especial atención á economía circular, dispoñendo dunha planta de tratamento que permitirá aproveitar os fluxos de augas residuais reducindo a cantidade de auga bruta empregada no proceso industrial.

Esta declaración -aprobada no Consello da Xunta por petición do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Vicepresidencia Económica- enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón "vantaxes", segundo salientou o presidente, quen explicou que "ademais de ter prioridade na tramitación, reducirase a metade os prazos e terá a súa disposición o asesoramento da Oficina Doing Business da Xunta para todo o proceso".

Deste xeito xa son 16 as Iniciativas Empresariais Prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Forestal del Atlántico (Mugardos), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas) e Green Umia (Caldas de Reis).

Neste marco, os investimentos totais programados polas empresas roldan os 760M€ e co compromiso de xerar en torno a 720 postos de traballo. Polo tanto, esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial. "Seguimos avanzando en novos modos de produción máis respectuosos co medio ambiente", finalizou o presidente da Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO CO CONCELLO DE RIBEIRA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE EN DESTINO POR IMPORTE DE 2 M€

- O Plan “Ribeira Destino Litoral Sostible” engloba actuacións de melloras ambientais, a creación do Museo do Mar e melloras no contorno do Faro de Corrubedo, así como achegar Ribeira ao mar mediante un corredor cicloturístico no litoral entre Santa Uxía, Castiñeiras, A Fonte Seca e a Ameixida
- O obxectivo é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística como recuperar a senda dos muíños do río Saíñas, así como a posta en valor do porto fenicio de Aguiño

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Ribeira para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino de Ribeira no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por importe de 2 millóns de euros.

O concello de Ribeira concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando o proxecto “Ribeira Destino Litoral Sostible”, no que se engloban actuacións destinadas principalmente a melloras ambientais, novas infraestruturas e o deseño e implantación da plataforma Smart Destino Intelixente.

Levaranse a cabo a recuperación do patrimonio etnográfico do concello nos lavadoiros de San Roque e da Penisqueira, un plan de sinalización turística integral dos recursos turísticos, a rexeneración ambiental e a posta en valor do porto fenicio de Aguiño, a reconversión e humanización do parque periurbano de San Roque, e a humanización dos espazos exteriores do Faro de Corrubedo.

O concello contará cun novo Museo do Mar de Ribeira, cun corredor cicloturístico no litoral entre Santa Uxía, Castiñeiras, A Fonte Seca e a Ameixida, cunha oficina de turismo virtual e construírse un mirador e un punto de interpretación da paisaxe na fábrica de salgadeira en Punta Castro.

O obxectivo é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, co fin de beneficiar tanto os ditos destinos turísticos, como os axentes sociais e os operadores privados do sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA A DÉCIMA EDICIÓN DO PROXECTO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL 'ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS' EN COLABORACIÓN CON TRES ONGD GALEGAS

- O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á renovación do acordo con Solidariedade Internacional de Galicia, a Asociación ONGD Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) e a Asemblea de Cooperación pola Paz
- Presupostado en 73.691 euros, o Goberno galego achega ao proxecto 70.000 euros e as organizacións participantes achegan a contía restante
- O investimento da Xunta nesta iniciativa desde 2013 ascende aos 665.400 euros
- A medida enmárcase no 'Plan Proxecta' de innovación educativa co obxectivo de traballar nos centros de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Formación Profesional as desigualdades sociais e as súas causas, sobre todo nos países da Cooperación Galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coas ONGD galegas Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación ONGD Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) e a Asemblea de Cooperación pola Paz para desenvolver a décima edición do proxecto de educación para a cooperación *Activistas polo mundo que queremos*. A iniciativa conta cun orzamento de 73.691 euros, dos que o Goberno galego achega 70.000 e a contía restante, as tres organizacións participantes. Desde o seu inicio en 2013, a Xunta investiu 665.400 euros nesta acción.

Porase en marcha así a décima edición do proxecto, desenvolvido por tres ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento. Desde o seu inicio en 2013, a colaboración entre a Xunta e as ONGD permitiu traballar co profesorado e co alumnado dun total de 56 centros de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e de Formación Profesional, aos que este ano se suman outros 6, co obxectivo de afondar nas desigualdades sociais e as súas causas e con especial atención á realidade dos países da cooperación galega.

A iniciativa enmárcase no *Plan Proxecta* de innovación educativa, destinado a impulsar a colaboración entre os distintos departamentos da Xunta que contan con programas dirixidos a centros educativos. O obxectivo é contribuír a que tanto alumnado como docentes sexan conscientes da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais. Búscase tamén apoiar o exercicio da súa corresponsabilidade na construción da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xustiza social, a través da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza nos centros educativos da comunidade.

O investimento da Xunta destinarase aos custos derivados das formacións, os servizos técnicos ou os gastos de persoal para facilitarlle ao profesorado as ferramentas necesarias para incorporar neste curso 2022-2023 o discurso da Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, así como para favorecer por parte do alumnado vías de denuncia sobre as súas realidades a través de sesións que teñan o activismo como eixe central.

Maior sensibilización social

Ademais, a iniciativa aposta por unha maior sensibilización na sociedade sobre as desigualdades sociais mediante unha estratexia de comunicación integral que inclúa campañas de promoción nos medios de comunicación e nos centros educativos. Durante a execución do proxecto realizarase unha avaliación continua de todo o proceso.

O convenio entre a Xunta e as tres ONGD para poñer en marcha unha nova edición de *Activistas polo mundo que queremos* dá cumprimento ao Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2022, no marco do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, actualmente prorrogado. Nesta liña, incídese no que se refire a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.

Cómpre sinalar que o IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 recoñece o papel central das ONGD no sistema de cooperación ao desenvolvemento, como actores relevantes para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación.

As ONGD son entidades con coñecemento experto para promover e xestionar intervencións de desenvolvemento e fomentar a conciencia da cidadanía e a educación para o desenvolvemento no norte, co fin de promover valores de responsabilidade e solidariedade. Por esta dobre tarefa, a Xunta vén apoiando a actividade destas entidades no marco deste plan que remata este ano a súa vixencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SINALA QUE A XUNTA APOIARÁ AS CANDIDATURAS GALEGAS A SEDES DO MUNDIAL 2030

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que o Goberno galego manifesta o interese da comunidade en poder albergar partidos da Copa do Mundo de 2030 para o caso de que España e Portugal fosen designadas sedes da dita competición e declara o seu compromiso e apoio ás candidaturas galegas

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, sinalou que o Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo mediante o que se declara o apoio do Goberno galego ás candidaturas galegas a sede do Mundial 2030. Deste xeito, a Xunta manifesta a súa vontade de cumprir, no marco das súas competencias e da dispoñibilidade orzamentaria, cos requisitos fixados pola Federación Internacional de Fútbol (FIFA) para o desenvolvemento do campionato. Así, comprométese a colaborar co seu comité organizador no caso de que a candidatura conxunta de España e Portugal sexa designada finalmente como sede desta competición e algún dos dous estadios galegos postulados -Riazor na Coruña e Balaídos en Vigo- sexan escollidos para disputar encontros do torneo.

Cómpre aclarar que o pasado xuño España, xunto con Portugal, presentou a súa candidatura para albergar este Mundial e sumarse ao proceso de definición de sedes e subsedes. No marco desta candidatura ibérica, coñéceronse, tamén o pasado mes de xullo, os 15 estadios españois que se postulan como posibles sedes do torneo, entre eles, no caso de Galicia, o de Riazor, na Coruña e o de Balaídos, en Vigo.

Nese mesmo mes o Goberno central, a través do Ministerio de Cultura e Deporte, trasladara ás comunidades o borrador dos requisitos da FIFA para que os estadios puidesen acoller o evento. Nesta liña, a Vicepresidencia Segunda da Xunta, ademais de trasladar a información ás entidades locais titulares dos estadios de Riazor e Balaídos para optar como posibles sedes ou subsedes, solicitou á Real Federación Española de Fútbol (RFEF) a importancia de flexibilizar os requisitos. Así, segundo explicou o líder do Executivo autonómico, "a comunidade traballará para cumprir con todos os requisitos que estableza a FIFA, na parte que nos corresponda, e colaborará co Comité Organizador da Copa do Mundo para desenvolverlos, así como cos dous concellos titulares das instalacións, a Xunta colaborará dentro das súas responsabilidades orzamentarias".

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aínda non se recoñecen os requisitos oficiais e definitivos que establece a FIFA para ser sede do torneo, pero tendo en conta os que debían de cumprir todos os estadios para optar a ser sede no Mundial de 2026, estes estadios deberán afrontar importantes reformas loxísticas e económicas, constituíndo un gran reto para as entidades locais titulares dos estadios o cumprimento dos requisitos exixidos. Ambos os dous estadios son de titularidade municipal, pero “o Goberno galego acordou no Consello da Xunta a manifestación do seu interese para acoller este evento”, expresou o presidente da Xunta en rolda de prensa.

A Xunta é consciente do gran reto organizativo que supón acoller un evento desta envergadura, polo que a designación dunha sede en Galicia suporía un fito destacado para a comunidade a nivel tanto deportivo como turístico e económico. Por iso, o Goberno galego xa ten trasladado á RFEF a máxima colaboración na organización do campionato no caso de que algunha das candidaturas galegas sexa escollida como sede de partidos do campionato.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN NOVO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS QUE MOBILIZARÁ 455 M€ ATA 2030 CO RETO DE DAR UN PULO DEFINITIVO Á ECONOMÍA CIRCULAR

- O documento, cunha vixencia prevista de oito anos, responde aos últimos cambios introducidos na normativa sectorial, sobre todo a nivel europeo, co fin de achegar a Galicia ao cumprimento das metas máis ambiciosas fixadas nesta materia
- De aquí a 2025 o obxectivo marcado pola UE é que o 55% dos residuos se destinen á preparación para a reutilización e a reciclaxe e que a taxa aumente progresivamente
- O PXRMG tamén aspira a dar cobertura a través da rede de puntos limpos ao 100% dos galegos e a reducir o depósito de residuos en vertedoiro a, como moito, un 10%
- A Xunta asumirá o papel de coordinadora co resto de administracións públicas implicadas e proporá crear unha comisión para facilitar a comunicación cos concellos e garantir o correcto desenvolvemento das accións concretas que se propoñan

A Xunta empezará a traballar no novo Plan de xestión de residuos municipais de Galicia (PXRMG) co reto principal de dar un pulo definitivo á economía circular na Comunidade e avanzar cara á transformación do actual modelo produtivo, seguindo a liña marcada pola UE cos últimos cambios introducidos na normativa sectorial comunitaria.

O acordo de inicio para a tramitación do documento recibiu hoxe o visto e prace do Consello da Xunta, polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está xa en disposición de empezar a traballar co obxectivo de aprobalo en 2023.

O PXRMG, cunha vixencia prevista de 8 anos, mobilizará 455 millóns de euros para cumprir cos obxectivos comunitarios en materia de xestión de residuos, unha contía da que se estima que 289 millóns serán investimentos directos da Xunta e o resto, achegas realizadas polas entidades locais e as empresas privadas. Ademais das novidades normativas, os cambios socioeconómicos e de estrutura produtiva detectados, así como a fin da vixencia este ano do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG), fan necesario impulsar un novo marco de actuación co horizonte temporal 2023-2030.

Entre os obxectivos principais que se perseguen co novo Plan, á falta aínda de que se definan as accións concretas que se van desenvolver, cómpre subliñar que de aquí a 2025, tal e como fixa a UE, o 55% dos residuos se deberán destinar á preparación para a reutilización e a reciclaxe, aumentando progresivamente a partir de aí.

Ademais, tamén se pretende aumentar a rede de puntos limpos de Galicia para dar cobertura ao 100% dos galegos—actualmente este servizo chega ao 92% da poboación—,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reducir o depósito de refugallos municipais en vertedoiro ata que representen, como máximo, un 10%, ou implantar a recollida selectiva en todo o territorio galego de novas fraccións de residuos (como os biorresíduos, aceites, téxtiles, etc.).

Para lograr estes obxectivos, a Xunta considera fundamental potenciar a coordinación e a organización co resto de administracións públicas implicadas, tendo en conta que a xestión destes residuos lles corresponde ás entidades locais.

Por iso, asumirá un papel de coordinadora e propondrá crear unha comisión de apoio e asesoramento aos concellos dada a súa competencia e responsabilidade na materia e como peza fundamental para acadar o correcto desenvolvemento do PXRMG.

Directrices estratéxicas

O documento que se vai elaborar sentará as liñas estratéxicas para que Galicia acade os obxectivos e metas máis ambiciosos fixados pola normativa sectorial vixente, seguindo unha xerarquía baseada na prevención na xeración de residuos, a reciclaxe e fronte á vertedura.

Neste sentido, as directrices que regularán a redacción do PXRMG pasan por contribuír á loita contra o cambio climático, facendo un uso eficiente e racional dos recursos dispoñibles e reducir a vulnerabilidade da poboación ante os seus efectos; previr calquera tipo de risco que se derive dos residuos xerados ou da súa xestión; promover modelos de produción e consumo sustentable e responsables partindo das premisas da economía circular; utilizar a sensibilización e a comunicación como vías de acceso ao coñecemento; particularizar a situación sociodemográfica de determinados territorios para buscar solucións adaptadas; e fomentar a investigación e a innovación.

Esta nova follas de ruta substituirá o anterior PXRUG, aprobado en 2010, e que nos seus 12 anos de vixencia e grazas a un investimento de máis de 150 millóns, logrou avances importantes no que respecta á recollida e tratamento dos residuos domésticos.

Neste sentido, cómpre lembrar que a recollida selectiva experimentou desde 2010 unha mellora significativa, destacando o caso do vidro, cun 65% dos envases recollidos xa separadamente; reduciuse en case un 37% dos residuos enviados a vertedoiro, situando a Galicia por debaixo da media estatal e preto da europea; clausuráronse a totalidade dos vertedoiros incontrolados existentes na Comunidade; e mellorouse e incrementouse a rede de infraestruturas de residuos, con 150 puntos limpos fixos e 107 puntos limpos móbiles, 1 nova planta de compostaxe en funcionamento e 3 máis en construción.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aposta galega pola sostibilidade

O novo PXRMG enmárcase na estratexia global do Goberno galego en materia de residuos, que persegue a implantación dun novo modelo máis sostible e acorde coa xerarquía de xestión marcada pola normativa sectorial vixente.

Ademais, tratándose dun sector en auge e que ofrece novas oportunidades desde o punto de vista da actividade empresarial e do emprego verde, prevese que a súa aprobación teña un impacto positivo sobre a economía galega e a xeración de postos de traballo.

O plan será acorde tamén coa Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030 e coa Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, dous dos fitos máis importantes nesta materia dos últimos anos e cuxos principios inspiradores se recolleron na nova Lei de residuos e solos contaminados —en vigor desde marzo de 2021—.

Por último, cómpre subliñar que a Xunta ultima tamén os trámites para impulsar a elaboración dun novo Plan de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga) —que virá actualizar o documento aínda vixente— e avanza na redacción da Lei do clima, que se someteu en febreiro a consulta pública previa e nace co obxectivo de que a variable climática pase a ser un valor prioritario e protexido en todas as políticas que se desenvolvan no futuro na Comunidade.

En definitiva, o Goberno galego segue avanzando para pechar o “círculo” da súa aposta pola sostibilidade, dotando Galicia dun marco normativo e estratéxico moderno e eficaz e potenciando unha xestión dos residuos baseada na prevención, a preparación para a reutilización e a reciclaxe, fundamentais para lograr un cambio de mentalidade cara a unha economía circular e unha transición enerxética xusta e ordenada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVARÁ OS SISTEMAS DE ANESTESIA DOS BLOQUES CIRÚRXCOS DOS HOSPITAIS DAS ÁREAS SANITARIAS

- Os hospitais das sete áreas sanitarias contarán cun total de 98 novas unidades por importe de 5,3 millóns de euros, tras o acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta
- Os novos equipos mellorarán a tecnoloxía incorporando baixos fluxos de gases anestésicos, máis beneficiosos para a saúde e para o ambiente

A Xunta de Galicia renovará os sistemas de anestesia dos bloques cirúrxicos dos hospitais das sete áreas sanitarias de Galicia. Así o acordou hoxe o Goberno galego durante a reunión do Consello, que autorizou o proxecto de acordo para a contratación da subministración de sistemas de anestesia para os hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Así, a Administración galega, no marco do eixe REACT-UE do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, investirá un total de 5.336.100 euros na compra de 98 unidades de sistemas de anestesia, que se distribuirán entre os complexos hospitalarios das 7 áreas sanitarias de Galicia.

Os novos equipos incorporarán, entre outras tecnoloxías, o uso de baixos fluxos de gases anestésicos, máis beneficiosos para a saúde pois permiten unha mellora na temperatura corporal.

Este contrato permitirá renovar o equipamento existente e incorporar a tecnoloxía necesaria que non só mellore a calidade de vida do paciente e a seguridade dos procedementos cirúrxicos, senón que contribúa á redución de emisións de grande impacto ambiental.

Renovación do equipamento sanitario

Con esta contratación, a Xunta, continúa coa renovación de sistemas de anestesia iniciada en 2016 nos hospitais galegos, unha renovación que tivo continuación en 2018 e 2019, e que segue no ano 2022.

Esta nova licitación forma parte tamén do proceso de renovación do equipamento sanitario emprendido nesta lexislatura e ao que a Xunta de Galicia destinou 60 millóns de euros nos orzamentos do ano 2021, e máis de 90 nos orzamentos do vixente ano 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En particular, respecto ás modernizacións dos bloques cirúrxicos, o Executivo galego investiu máis de 4'3 millóns de euros na adquisición de 37 novos equipos radiocirúrxicos e sete sistemas cirúrxicos robotizados Da Vinci, por un importe de 20,5 millóns de euros para as sete áreas sanitarias. Todos eles xa están instalados e en funcionamento. Ademais, vén de adxudicar outro contrato por 1,4 millóns de euros para renovar un total de 97 lámpadas cirúrxicas no conxunto de hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde, algunhas das cales xa están instaladas.

Finalmente, atópase en fase de axudicación un contrato por valor de 3 millóns de euros licitado en maio deste ano para substituír máis de 50 mesas cirúrxicas dos hospitais galegos, que contan con máis de 15 anos de antigüidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORARÁN EN ACCIÓNS DE INVESTACIÓN A PROL DE AVANZAR NA XESTIÓN DA MEXILLA NO LITORAL GALEGO

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre ambas entidades co obxectivo de executar o proxecto para o estudo de identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón
- A finalidade desta acción é obter información sobre a evolución do recrutamento de mexilla atendendo á crecente demanda e á explotación responsable dos distintos recursos naturais
- A Consellería do Mar destina a esta acción 79.200 euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e a distribuír nas anualidades 2022 e 2023

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo co obxectivo de executar o proxecto para o estudo de identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón e deste xeito obter información sobre a evolución do recrutamento de semente de mexillón (mexilla) nas rochas do litoral de Galicia. Esta acción ten como fin avanzar na xestión da mexilla atendendo á crecente demanda deste recurso e á explotación responsable dos distintos recursos naturais.

A Consellería do Mar apoiará esta colaboración cunha achega total de 79.200 euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e a distribuír nas anualidades 2022 e 2023. Dentro dela corresponde ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), dependente da Consellería do Mar, a recollida das mostras para posterior envío ao laboratorio de Inmunoloxía da Universidade de Vigo. Estas mostras levaranse a cabo inicialmente en catro puntos, que son Moaña, Bueu, O Grove e na ría de Muros e Noia e, con base nos resultados obtidos o primeiro ano, poderíanse aumentar a outras zonas.

Pola súa banda, a Universidade de Vigo comprométese a realizar as tarefas de identificación e contaxe larvaria, así como de descrición dos estadios larvários indicando a cantidade de larvas por unidade de volume e mostraxe e en cada un dos estadios larvários presentes nas mostraxes.

Estes labores sobre o traballo de campo deberán desenvolverse en dous períodos. Un deles rematará en decembro de 2022 e o outro en novembro de 2023, pois o convenio

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estarán en vigor desde a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023, con posibilidade de prórroga, se así o deciden as partes.

Desta colaboración tamén formará parte o Centro de Investigacións Mariñas, dependente da Consellería do Mar, que coordinará e verificará os traballos e que estará na comisión de seguimento que se creará para garantir o cumprimento do convenio e resolver as dúbidas que poidan xurdir.

Este convenio inclúese no labor de investigación e análise que desenvolve a Administración galega para avanzar na xestión da mexilla no medio natural e tamén no seu cultivo e enmárcase na súa aposta por avanzar na explotación sustentable dos distintos recursos mariños. Nesta aposta inclúense outras actuacións nas que traballa a Xunta como o deseño dunha normativa de consenso para actualizar a orde que regula a extracción de mexilla, do ano 2000, e a busca de alternativas para a obtención de semente de mexillón como a posible creación de *hatcheries*, entre outras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA O IMPULSO EN GALICIA DA PRIMEIRA PLATAFORMA EXPERIMENTAL DE EÓLICA MARIÑA

- O Consello da Xunta acordou esta mañá asinar un Protocolo Xeral de Actuación coa Autoridade Portuaria da Coruña e Rede Eléctrica para colaborar nun desenvolvemento das enerxías mariñas compatible coas actividades pesqueiras e coa preservación do ecosistema
- O obxectivo é contar cunha infraestrutura singular de ensaio, con dous ou tres aerogeneradores e unha potencia de 30MW, que permita o teste de prototipos flotantes e a realización de estudos relacionados co medio mariño e a biodiversidade
- Estará localizada a 10 quilómetros da costa fronte ao porto exterior da Coruña
- O Goberno galego agarda optar con esta iniciativa -que precisará dun orzamento de 12M€- tanto ás axudas para proxectos piloto, plataformas de ensaio e infraestruturas portuarias para as renovables mariñas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; como ao Perte de Enerxías Renovables, Hidróxeno Renovable e Almacenamento
- A plataforma dá continuidade aos traballos do Observatorio da Eólica Mariña e enmárcase no Polo de innovación de enerxías mariñas e almacenamento enerxético de Galicia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego impulsará na Comunidade a primeira plataforma experimental de eólica mariña que permitirá testear prototipos flotantes e realizar estudos relacionados co medio mariño e a biodiversidade. Trátase dunha das actuacións que recolle o Protocolo Xeral de Actuación que o Consello da Xunta acordou hoxe asinar coa Autoridade Portuaria da Coruña e Rede Eléctrica de España.

O obxectivo é establecer liñas de colaboración que contribúan ao adecuado desenvolvemento das enerxías mariñas en Galicia desde o respecto, o equilibrio e a compatibilidade coas actividades pesqueiras e a preservación do seu ecosistema, xa que, ademais desta infraestrutura singular, tamén se incidirá na xeración de coñecemento e a elaboración de estudos pois "Galicia conta cun dos principais recursos eólicos mariños non só en España, senón de Europa, tanto na potencial xeración de enerxía como no desenvolvemento tecnolóxico e industrial", sinalou o líder do Executivo galego.

A este respecto, o líder do Executivo autonómico apuntou que "o 74% da produción enerxética en Galicia xa procede de renovables" con todo, "seguimos camiñando con paso decidido para contar co 100 %" de tal forma que para o ano 2050 se poda acadar a neutralidade climática.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cun investimento de ao redor de 12M€, prevese que a zona experimental se localice a 10 quilómetros da costa fronte ao porto exterior da Coruña. Incluirá entre dous e tres aeroxeradores, polo que poderá acadar unha potencia total de 30MW. Este proxecto xorde dos traballos realizados no marco do Observatorio da eólica mariña e será unha das infraestruturas de referencia do Polo da innovación de enerxías mariñas e almacenamento enerxético no que traballa o Goberno galego.

Con esta iniciativa, a Xunta de Galicia agarda optar tanto ás axudas para proxectos piloto, plataformas de ensaio e infraestruturas portuarias para as renovables mariñas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; como aos fondos do Perte de Enerxías Renovables, Hidróxeno Renovable e Almacenamento.

Neste sentido, desde o Goberno galego, Rueda sinalou que “agardamos que o Goberno central presente canto antes os plans de ordenación do espazo marítimo (POEM)”, porque ningún promotor pode tramitar un proxecto de eólica mariña ata que o Executivo delimite estas zonas. Un asunto sobre o que, segundo incidiu o líder autonómico, a propia Comisión Europea ten solicitado que se axilice. Sen esta folla de ruta ningún promotor pode tramitar un proxecto de eólica mariña ata que o Goberno delimite estas zonas.

Galicia conta cun dos principais recursos eólicos mariños de Europa, tendo o potencial de converterse nun referente neste ámbito e sempre coa premisa do respecto e a compatibilidade co resto de actividades que xa se desenvolven no ámbito mariño. Así, un adecuado desenvolvemento da tecnoloxía eólica mariña na nosa comunidade pode supoñer unha oportunidade para un maior aproveitamento do potencial renovable de Galicia, un mellor posicionamento e mellora da competitividade das empresas e industrias galegas, e un reforzamento das actividades que xa se veñen desenvolvendo no mar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBARÁ 8 NOVAS LEIS ANTES DE REMATAR O ANO E PREVÉ CONTAR CON OUTRAS 13 AO LONGO DE 2023

O Consello da Xunta informou hoxe do Plan legislativo 2020-2024, no que se inclúe a Lei de xestión do ciclo de auga que acaba de entrar en vigor

O Consello da Xunta autorizou o Plan legislativo 2020-2024, no marco do que o Goberno galego prevé aprobar 8 novas leis antes de que remate este ano. As máis inminentes serán o anteproxecto da Lei reguladora dos xogos en Galicia, así como a Lei de orzamentos xerais da comunidade para o 2023 xunto coa lei de medidas fiscais e administrativas.

Tamén durante o último trimestre deste ano se van aprobar outras 5 normas: a Lei de estabilización de emprego público, a de arquitectura de Galicia, a de patrimonio da comunidade da Consellería de Facenda e Administración Pública, a de aprendizaxe ao longo da vida adulta e a de calidade alimentaria. Ademais, revisarase a de artesanía de Galicia e abordarase a lexislación galega de colexios profesionais.

Cómpre lembrar que neste mes de setembro, o día 1, entrou en vigor a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, coa que se busca apoiar os concellos para a presentación de mellores servizos de saneamento, abastecemento e depuración e a semana pasada o Consello da Xunta autorizou someter a consulta pública previa a futura Lei de ordenación do litoral.

De cara ao próximo ano, o Goberno galego prevé contar con, cando menos, 13 novas leis, entre elas a de prevención e extinción de incendios, a do clima de Galicia, a de inclusión social de Galicia ou a Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A AMPLIACIÓN EN 500.000€ DO CRÉDITO DAS PRIMEIRAS AXUDAS Á COMPRA DE BICICLETAS ELÉCTRICAS, SUMANDO UN ORZAMENTO TOTAL DE 1 M€

- A convocatoria aberta o pasado mes de agosto, dotada de 500.000 €, recibiu 1.096 solicitudes, das que 1.003 contan con reserva de fondos
- Unha vez esgotado o crédito inicial, o Goberno galego amplía o orzamento para continuar dando resposta á demanda destes incentivos por parte dos cidadáns
- A axuda é do 50% do prezo da bicicleta, ata 500 €, e no caso das familias numerosas normais ou con categoría especial de ata 600 € ou 700 €, respectivamente
- Eses incentivos enmárcanse no programa da Xunta *Ebici* para diminuír o uso do coche particular, reducir emisións á atmosfera e promover unha vida saudable
- Os interesados poderán solicitar estas axudas ata o 15 de novembro en calquera das 139 tendas adheridas ao programa e que se encargan da tramitación da subvención
- O Goberno galego adopta esta medida coincidindo coa Semana Europea da Mobilidade

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á ampliación en 500.000 euros do crédito para as axudas á adquisición de bicicletas eléctricas, destinando un orzamento total de 1 millón de euros.

O Goberno galego abriu en agosto unha convocatoria dotada de 500.000 euros para solicitar estas subvencións para mercar bicicletas con pedaleo asistido.

A Xunta xa registrou 1.096 solicitudes de axuda, das que 1.003 contan coa correspondente reserva de fondos, quedando 93 peticións sen orzamento para ser subvencionadas. Así, unha vez esgotado o crédito inicial, decidiuse ampliar o investimento para dar resposta á demanda destes incentivos por parte dos cidadáns.

A día de hoxe, un total de 356 usuarios xa recibiron o seu pagamento para mercar a bicicleta e continúa avanzando a tramitación das 647 axudas restantes.

Con carácter xeral, a achega autonómica é de ata o 50% do prezo da bicicleta eléctrica, cun máximo de 500 euros. Non obstante, as familias numerosas teñen máis vantaxes, pois os incentivos cobren o 60%, cunha achega tope de 600 €; e para as de categoría especial, os descontos elévanse ata un máximo de 700 €, cubrindo ata un 70% do custo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta iniciativa da Xunta está enmarcada no programa *Ebici*, cuxos obxectivos son diminuír o uso do coche particular, favorecer modos de transporte non motorizados, reducir emisións á atmosfera e a contaminación acústica e promover unha vida máis saudable.

Prazo aberto

O prazo para solicitar estas subvencións continúa aberto nos mesmos termos establecidos na orde de convocatoria, polo que as persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes ata o 15 de novembro.

Esta tramitación realizarase a través dun establecemento adherido previamente ao programa. Na actualidade xa son 139 as tendas de bicicletas que están integradas nesta iniciativa e se encargan de tramitar as solicitudes de subvencións dos cidadáns interesados.

No seguinte enlace pode consultarse a listaxe destas entidades comerciais adheridas ao programa Ebici: <https://infraestructurasemobilidade.xunta.gal/mobilidade-sostible>. Estes establecementos exhibirán nos seus puntos de venda un cartel identificativo, que leva por lema: *Enchúfate ao movemento EBici*.

A Xunta adopta esta medida coincidindo coa conmemoración da Semana Europea da Mobilidade, continuando co seu labor de procurarlles aos cidadáns novas alternativas para os seus desprazamentos que sexan máis sostibles e respectuosas co medio.
Durante este período adheríronse 139 tendas de toda Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ENCHÚFATE AO MOVEMENTO

E3ICI



Programa de axudas para mercar bicicletas eléctricas de pedaleo asistido

 XUNTA
DE GALICIA

Solicita o teu bono ebici da Xunta de Galicia nos establecementos adheridos.
Dende as 10:00 h. do 1 de agosto.
Ata 700 euros de axuda para mercar a túa bicicleta eléctrica de pedaleo asistido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACADOU DESDE 2019 A CONTRATACIÓN DE 400 VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO MEDIANTE INCENTIVOS DESTINADOS A CONCELLOS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- O Goberno galego investiu máis de 8,2 millóns de euros en 4 anos a mellorar a inserción laboral das mulleres afectadas por esta lacra
- Das 400 beneficiarias, 339 foron contratadas polos concellos e outras 61 por entidades ou cooperativas sen ánimo de lucro

O Goberno galego apoia desde 2019 a contratación de vítimas da violencia de xénero para mellorar a empregabilidade do colectivo. Desde esa data, a Xunta de Galicia ofrece incentivos a concellos ou agrupacións de municipios para a inserción laboral de traballadoras afectadas por esta lacra, que permitiron a formalización dun total de 339 contratos. En 2021 a Administración galega estendeu este tipo de apoios a entidades e cooperativas sen ánimo de lucro, para que, a través doutra liña de axudas, incorporasen mulleres afectadas por violencia de xénero. Esta segunda vía propiciou que un total de 61 vítimas accedesen a un emprego.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade informou hoxe ao Consello do Goberno galego de que grazas a esta aposta, un total de 400 mulleres vítimas da violencia de xénero acadaron un traballo con incentivos á contratación que concede a Xunta de Galicia e que sumaron no período máis de 8,2 millóns de euros.

En ambos os dous casos, tanto nas axudas a concellos como a entidades, as vítimas deben constar inscritas como demandantes ou ter solicitada mellora de emprego no servizo galego. A súa contratación garantirase, en ambos os dous casos, durante un período que pode ir dos 4 aos 12 meses.

As achegas teñen por obxectivo mellorar a empregabilidade de mulleres vítimas de violencia de xénero en situación de desemprego –incluídas as mulleres vítimas de violencia vicaria ou de trata con fins de explotación sexual-. Trátase de axudalas a gañar a independencia económica necesaria para rachar cos seus agresores e avanzar cara a súa recuperación.

Apoios no eido municipal

No caso dos apoios dirixidos a entidades locais, desde o ano 2019, o Goberno galego leva destinados máis de 7 millóns de euros para financiar a contratación destas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

traballadoras por parte concellos ou agrupacións de municipios, para a realización de obras ou servizos de interese xeral ou social.

Os concellos reciben a contía necesaria para sufragar as retribucións salariais brutas totais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora das mulleres incorporadas.

O investimento desta liña de apoios foise incrementando estes anos ata acadar os 2,4M€ na convocatoria de 2022, cunha alza do 71,4% respecto da anterior.

Incentivos á contratación por entidades

A Xunta estreou en 2021 esta liña de apoios complementaria da anterior, que recae en entidades e cooperativas sen ánimo de lucro que poden optar a incentivos para contratar tamén a mulleres vítimas. Entre 2021 e 2022 a Xunta investiu 1.150.000 euros que permitiron brindar unha oportunidade laboral a 61 persoas.

A Xunta inclúe como requisito que as entidades e cooperativas beneficiarias promovan a formación e a práctica profesional das mulleres contratadas que deberán realizar as súas funcións en centros de traballo dentro da comunidade.

O Goberno galego ten o convencemento de que dotar ás mulleres vítimas da independencia económica suficiente abondará no camiño para a súa inserción socioeconómica e para recuperarse da situación vivida. A integración ou reintegración ao mercado laboral é clave para avanzar cara unha maior estabilidade persoal, social e laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA QUE GALICIA SERÁ PIONEIRA EN REGULAR UNHA CERTIFICACIÓN DE SUSTENTABILIDADE PARA A PRODUCCIÓN ALIMENTARIA

- O presidente puxo en valor que, a través da futura Lei da calidade alimentaria de Galicia, a Xunta aposta por diferenciar “a calidade e a sustentabilidade” dos produtos alimentarios galegos
- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe este anteproxecto de lei, completando así os pasos previos ao seu sometemento ao Consello Económico e Social de Galicia, coa previsión de que entre no Parlamento antes de final de ano
- Apóstase por reforzar a seguridade xurídica dos produtores e empresas e por aumentar as garantías aos consumidores
- Entre as novidades, destaca tamén a creación de dous órganos de consulta e participación do propio sector, así como o fomento da compra ou contratación pública de produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido
- A futura lei consagra e potencia a Axencia Galega da Calidade Alimentaria como eixo fundamental de toda a calidade alimentaria de Galicia, asumindo moitas e importantes funcións neste sentido

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que Galicia será a primeira comunidade autónoma española en regular unha certificación de sustentabilidade para a produción alimentaria. “Unha cuestión que cada vez máis o consumidor ten como un valor engadido”, apuntou tras a reunión semanal do Consello do Goberno galego.

Será a través da Lei da calidade alimentaria, en cuxa tramitación avanza a Xunta, completando os pasos previos ao seu sometemento ao Consello Económico e Social de Galicia. Hoxe, o Consello do Goberno galego coñeceu un informe da Consellería do Medio Rural sobre este texto, que se prevé levar ao Parlamento antes de que remate este ano 2022.

Ruexa explicou que con esta iniciativa trátase de actualizar o marco normativo galego referido ao impulso da calidade dos produtos alimentarios que se producen ou comercializan na nosa comunidade. Os principais obxectivos da nova lei son, segundo debullou o máximo mandatario autonómico, “dar un novo pulo á excelencia dos nosos produtos, incrementar o seu atractivo e éxito no mercado, impulsar o desenvolvemento local, é dicir, o emprego e a actividade no rural, e achegar todas as garantías de calidade aos consumidores”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao tempo, tamén se quere fomentar, potenciar e garantir a produción de alimentos de calidade diferenciada en Galicia e regular o funcionamento dos consellos reguladores como entidades de xestión de figuras de protección da calidade diferenciada. Nesta liña, búscase establecer as obrigas dos operadores do sector en relación coa súa actividade como produtores, elaboradores e comercializadores de produtos alimentarios. "Son algunhas das novidades, en definitiva, dunha nova lei que pretende reforzar a produción dos nosos produtos de calidade, darlles un novo impulso no mercado, unir forzas cos produtores e ser máis eficaces contra as prácticas fraudulentas", valorou o presidente.

Calidade diferenciada

Neste sentido, a nova norma recolle a regulación do fomento e do desenvolvemento da produción amparada polos distintivos de calidade diferenciada -como as denominacións de orixe ou as indicacións xeográficas protexidas-, que recoñecen uns altos estándares de calidade e permítenlles ás persoas consumidoras recoñecer no mercado estes produtos con maior valor engadido. Inclúe, ademais, a definición da calidade estándar e da calidade diferenciada (en función de se as características cualitativas dun produto son consecuencia do cumprimento de requisitos obrigatorios ou de normas de carácter voluntario) e especifica as competencias e organización administrativa ao respecto, coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria como responsable da promoción e do control da produción agroalimentaria galega con calidade diferenciada. Desta forma, os produtos co logotipo específico implican que están elaborados de acordo a criterios de calidade, de respecto ao ambiente, de protección dos traballadores e da cidadanía e que xeraron unha renda axeitada para todos os elos da cadea de valor. Neste contexto, a futura lei consagra e potencia esta Axencia como eixo fundamental de toda a calidade alimentaria de Galicia, asumindo moitas e importantes funcións que non estaban reguladas ata agora na normativa, xa que esta entidade -creada no ano 2018- non existía na anterior lexislación.

Entre as novidades da futura lei figuran a creación de dous novos órganos de consulta e participación do propio sector. En primeiro lugar, o Consello Alimentario de Galicia, un órgano colexiado de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento da calidade alimentaria na nosa Comunidade. En segundo termo, a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia, que servirá de asesoramento e impulso do sector alimentario da calidade diferenciada.

Así mesmo, a norma regulará de maneira innovadora a promoción de marcas de garantía sectoriais e dunha marca global para toda a produción alimentaria galega que conte con requisitos de calidade específicos. Por outra banda, o anteproxecto regula -de xeito máis extenso que na lexislación actual- o sistema de autocontrol das persoas operadoras, as

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medidas de fomento da calidade alimentaria e a promoción do cooperativismo no sector alimentario. Ao mesmo tempo, avoga de xeito importante pola compra ou contratación pública verde de produtos alimentarios, como instrumento mediante o cal as autoridades públicas poderán adquirir produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido, atendendo así mesmo a criterios sociais e de calidade diferenciada.

Cómpre destacar, ademais, que con esta norma Galicia se converte na primeira comunidade autónoma española que regula unha certificación de sustentabilidade para a produción alimentaria. Así, a Xunta aposta por establecer un sistema de certificación da sustentabilidade baseado nun conxunto de normas encamiñadas a garantir o respecto ao ambiente, á calidade e á seguridade alimentaria, á protección das persoas traballadoras e á cidadanía, e unha renda adecuada para os diferentes elos da cadea de valor, especialmente no caso dos operadores primarios. A adhesión a este sistema de certificación será voluntaria e será recoñecible cun logotipo específico.

Consellos reguladores

Con respecto aos consellos reguladores, deféndese unha adaptación ao novo marco legal afondando na súa profesionalización, especialmente no caso dos de menor tamaño, na procura da súa consolidación como eixos fundamentais da calidade diferenciada galega. Así, establécese que a Axencia Galega da Calidade Alimentaria apoiará estas entidades para avanzar nese proceso de maior profesionalización, co obxectivo final de impulsar a calidade diferenciada galega como referente de calidade e valor engadido.

Cómpre sinalar tamén que a futura lei recolle unha revisión do catálogo de infraccións e do procedemento sancionador, adecuándoo á realidade actual, tendo en conta -entre outras cuestións- o cada vez maior volume de vendas que se realizan a través de páxinas web e mediante o comercio electrónico. Nesa liña, prevese que o réxime de infraccións e sancións se aplicará tamén ao viño e aos produtos derivados da uva e do viño e, en particular, ao vinagre de viño, á augardente de bagazo e ao mosto, excluídos na actual lexislación autonómica. Así mesmo, inclúese un réxime de infraccións e sancións específico no ámbito da clasificación de canais de gando vacún e porcino, non previsto ata o de agora.

A través desta nova norma búscase actualizar a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para dar resposta aos cambios experimentados na produción e comercialización alimentaria, á incorporación das novas tecnoloxías e de diferentes formas de comercialización, así como ao incremento dos intercambios entre estados. Nesa liña, cómpre acometer unha adaptación da normativa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

á nova situación, establecendo medidas que permitan mellorar o control dos alimentos destinados á comunidade galega ou procedentes dela.

Ademais, tamén se produciron cambios no marco legal comunitario e español en materia de regulación da calidade alimentaria, que fan preciso proceder a esta nova regulación. Nesa dirección, é necesario sistematizar nunha única disposición a complexa normativa na materia da calidade alimentaria, para dar unha maior seguridade xurídica aos operadores e axentes que actúan na nosa comunidade, ao tempo que se dá resposta á demanda da cidadanía, cada vez máis interesada en acceder con todas as garantías a produtos alimentarios de calidade, sustentables e de proximidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

